

MOVILIDADES CONSORCIO CARTES. CURSO 2022-23

A Universidade de Vigo participa no Consorcio de Artes CARTES que está integrado por centros de Ensinanzas Artísticas Superiores españolas. Trátase dun consorcio centrado na arte como elemento vertebrador. Este consorcio obtivo financiamento no marco da acción Erasmus + KA107.

En virtude deste proxecto e de acordo coas facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade

A FACULTADE DE BELAS ARTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO RESOLVE:

1. Publicar a seguinte resolución na que se establece o procedemento de selección para concorrer a unha axuda Erasmus+ (STT) concedida á Universidade de Vigo no marco do dito proxecto.

Institución de Destino: Sagarmatha College for Higher Studies, Katmandú, Nepal.

Periodo da mobilidade: antes de xuño de 2023.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 21 de Outubro de 2022

Asinado por:

Xose Manuel Buxán Bran. Decano da Facultade de Belas Artes

*Este proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS + ACCIÓN KA107 DENTRO DO CONSORCIO CARTES

CURSO 2022-23

1. OBXECTO

Seleccionar a un candidato/a con, no caso da Universidade de Vigo, o obxectivo específico de ampliar a colaboración coas institucións participantes co fin de establecer novos convenios para a facultade de Belas Artes que posibiliten futuros fluxos de mobilidade con fins de estudos ou de docencia ou futuras colaboracións entre as institucións participantes no proxecto.

2. REQUISITOS

Poderá participar na presente convocatoria o PDI ou PAS pertencente á Facultade de Belas Artes de Pontevedra que cumpra os seguintes requisitos:

- Ter relación contractual coa Universidade de Vigo no momento da solicitude e durante a realización da estadía.
- Non poderá participar nesta convocatoria o persoal laboral con contrato de investigación. Asemade, quedan tamén excluídas as persoas en lista de agarda para profesorado dos departamentos e as persoas con bolsa predoctoral.
- Ser cidadá/n dalgún dos 27 países membros da UE, de Islandia, Liechtenstein e Noruega, dun país candidato á adhesión (Albania, República de Macedonia do Norte, Montenegro, Serbia e Turquía), Suíza ou posuír o estatuto de residente permanente, de apátrida ou de refuxiado/a en España. Poderán participar aquelas persoas que, non sendo nacionais dun dos países participantes no Erasmust+, o sexan de terceiros países e estean en posesión dun permiso de residencia válido para residir en España durante o período de realización da mobilidade.
- Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas nas que concorran algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, de 17 de novembro.

3. INCOMPATIBILIDADES

As axudas que se establecen nesta convocatoria serán incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

A contía percibida non poderá ser utilizada para cubrir gastos similares que se financien con outros fondos da Unión Europea.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, General de Subvenciones.



4. CARACTERÍSTICAS E DURACIÓN DAS AXUDAS

A duración mínima será de cinco días que se xustificarán como días de desenvolvemento da actividades máis 2 días de viaxe.

As estadías se realizarán antes da data especificada nesta resolución

5. DOTACIÓN E PAGAMENTO

1. As condicións estarán establecidas no convenio que se asine entre o Consorcio CARTES e o/a beneficiario da axuda de acordo coas directrices do SEPIE.

2. O pagamento das axudas será realizado directamente polo consorcio CARTES, polo que esta convocatoria non ten implicacións orzamentarias para a Universidade de Vigo.

3. A contía máxima da bolsa calcularase en función do país de destino recollido no Anexo II da presente convocatoria segundo os seguintes criterios:

a. A axuda de viaxe por participante calcularase según a distancia dende o centro de traballo ata destino utilizando para elo a seguinte ferramenta:

http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm

b. Axuda individual: máximo de 180 euros por día ata un máximo de 7 días (5 de actividade e 2 de viaxe)

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes se dirixirán ao decanato da facultade de Belas Artes mediante unha instancia xeral. A instancia se enviará utilizando a vía do rexistro da Universidade ou por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A solicitude deberá acompañarse dunha acreditación do coñecemento da lingua inglesa mediante certificado oficial dun mínimo de B2

Inglés, nivel B2:

CertAcles B2

Nivel avanzado 2 da EOI, 5º curso do plan vello

Acreditación expedida polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo Cambridge First Certificate

Trinity: ISE II

TOEFL: 87-109 (req. superación das 4 macrodestrezas) IELTS: nivel 5.5-6.5

Bulats: 60-74 (req. superación das 4 macrodestrezas)



Inglés, nivel C1

CertAcles C1

Acreditación expedida polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo Nivel C1 da EOI

Cambridge Certificate of Advanced English Trinity: ISE III

TOEFL: 110-120 (req. superación das 4 macrodestrezas) IELTS: nivel 7.0-8.0

Bulats: 75-89 (req. superación das 4 macrodestrezas)

O prazo de presentación das solicitudes será de sete días hábiles a partir da publicación desta convocatoria.

Tamén se lle poderá requirir outros documentos que fosen necesarios para a concesión da axuda.

Co fin de axilizar o proceso, os aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro da Universidade de Vigo deberán comunicar esta circunstancia a sdfba@uvigo.es o mesmo día da súa presentación achegando una copia escaneada da solicitude co comprobante do envío en prazo.

Importante: Facilitar, para os efectos de comunicación, como enderezo de correo electrónico o enderezo do dominio uvigo.es.

7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicarase a resolución coa listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas.

Publicadas a resolución coas listaxes provisionais, establécese o prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da dita resolución para emendaros erros e a falta de documentación presentando unha nova instancia tal e como se detalla no punto 6 desta convocatoria.

Unha vez rematado o prazo e revisadas as alegacións publicaranse as listaxes definitivas de solicitudes admitidas e excluídas, e a Comisión fará a selección de acordó coa seguinte prioridade:

- 1º. O PDI ou PAS da Facultade de Belas Artes que realice unha estada docente no estranxeiro no marco do programa Erasmus por primeira vez.
- 2º. A/s persoa/s responsable/s de RRII na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo.
- 3º. O persoal docente que imparta docencia en inglés, segundo o Plan de Internacionalización lingüística aprobado na Universidade de Vigo (CG 21/02/2013, modificado o 29/10/2013 e o 14/10/2014) e/ou os docentes de departamentos de linguas estranxeiras que impartan docencia noutras linguas estranxeiras como establecen as memorias de Grao
- 4º. O persoal docente que oferte materias English Friendly O persoal docente que sexa funcionario de carreira ou contratado laboral fixo.



5º. O persoal docente que sexa funcionario de carreira ou contratado laboral fixo.

6º. No caso de empate, seguirase a orde alfabética a partir da letra T vixente para os procesos selectivos na Comunidade Autónoma de Galicia segundo a resolución da Consellería de Facenda de 28 de xaneiro de 2022 (DOG do 4 de febreiro).

A Comisión de selección está composta por:

Presidente: Xose Manuel Buxán Bran, Profesor Titular da Facultade de Belas Artes de

Pontevedra, Decano da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Secretario: José Castro Muñiz, Profesor Titular da Facultade de Belas Artes de Pontevedra,

Coordinador ERASMUS da Facultade de Belas Artes de Pontevedra

Vogal: Carlos Tejo Veloso, Profesor Titular da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Vicedecano de Relacións Internacionais da Facultade de Belas Artes de Pontevedra

Efectuada a selección pola comisión, publicarase a resolución das listaxes provisionais coa persoa seleccionada, e a listaxe de agarda.

As persoas interesadas poderán presentar, nos rexistros da universidade, alegacións contra as listaxes provisionais no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, dirixidas ao Decanato da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo.

Revisadas as alegacións pola Comisión, o decanato da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo publicará a resolución coas listaxes definitivas da persoa seleccionada e da lista de agarda.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

8. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas beneficiarias das bolsas deberán aceptar por escrito a concesión da bolsa no prazo de 3 días hábiles desde a publicación da resolución coa listaxe definitiva de concesión. De non facelo nese prazo, entenderase que renuncia. A aceptación se realizará mediante email a: sdfba@uvigo.es

A renuncia a unha praza aceptada con anterioridade deberá ser comunicada ao Decanato da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo enviando un email a: sdfba@uvigo.es

As renuncias aceptadas darán lugar á concesión a seguinte persoa da lista de agarda.



10. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

- Cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que lle sexan de aplicación.
- Entregar ao Consorcio CARTES a documentación que sexa requerida.

9. REVISIÓN E REINTEGRO DAS AXUDAS

Son causas de reintegro destas axudas no marco do consorcio:

Non cumprir os requisitos e obrigas recollidos na convocatoria.

Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.

Ser beneficiario/a doutra bolsa ou axuda incompatible.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas, está obrigada a reintegrar ao consorcio a contía indebidamente percibida.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPDP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a presente convocatoria ao amparo da lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones, Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades e o Regulamento (UE) n ° 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013 , polo que se crea o programa «Erasmus+» , de educación, formación, xuventude e deporte da Unión e polo que se derogan as Decisións n ° 1719/2006/CE, 1720/2006/CE e 1298/2008/CE.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria de Erasmus+ Ka 107 CARTES. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede está obrigado a facilitar estes datos en virtude do especificado no parágrafo anterior e, en caso de non facelo, as consecuencias serán non poder realizar os trámites da convocatoria. Vostede ten



Rúa Mestranza, 2
36002 Pontevedra
España

Tel. 986 801 800

dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo por medio do rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos a través do enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



Rúa Mestranza, 2
36002 Pontevedra
España

Tel. 986 801 800

ANEXO II

RELACIÓN DE PRAZAS CURSO 2022-23

1 plaza para Sagarmatha College for Higher Studies (Institución asociada a la Purbanchal University),
Katmandú, Nepal

